

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO 01.06.2017

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), cando son as 18.04 h do 01.06.2017, baixo a presidencia do alcalde Juventino José Trigo Rey, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de realizar a sesión ordinaria convocada para hoxe.

Asistiron os/as concelleiros/as:

Gumersindo Pedro Galego Feal, Rocío Aurora Bértoa Puente, Juan José Franco Casal, Alejandro Jorge Gutiérrez Sánchez, Juana Barro Couto, José Andrés Serantes Panceiras, Ana María Novo Picos, Alejandra Permuy Meizoso, Justo Martínez Ardá, María Manuela Aguilar Prieto, Antón Lois Noceda Carballo, Joaquín Julián Ayala Garrido, Amalia García Balado, César Daniel Castro García e María del Carmen Martínez Rodríguez

Secretaria:

Estefanía Manteiga Lamas

Interventora:

Iria Luisa Díaz Gavela

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido segundo o artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, declara aberta a sesión e procede ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 06.04.2017

Ao non haber ningunha obxección, o presidente declara aprobada a acta da sesión ordinaria do 06.04.2017.

2. Dación de conta das Resolúcións da alcaldía dende o núm. dende o núm. 460/2017 ao núm. 561/2017

Os concelleiros danse por informados.

3. Dación de conta do informe de intervención sobre as abrigas de subministro de información previstas no artigo 16 da Orde HAP/2015/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, correspondente ao 1º trimestre do 2017

Os concelleiros danse por informados.

4. Aprobación, se procede, da proposta de adhesión á Asociación de Concellos do Camiño Inglés e designación do representante municipal

Consta no expediente a seguinte Proposta da alcaldía que foi ditaminada favorablemente na Comisión Informativa de Dinamización Económica na sesión ordinaria do 22.05.2017 por unanimidade:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

ASUNTO: adhesión á Asociación de Concellos do Camiño Inglés e designación do representante municipal.

A meirande parte dos Concellos polos que transcurre o Camiño Inglés están interesados en formar unha asociación coa que potenciar turisticamente este importante valor do noso patrimonio.

Actualmente aprobaron os estatutos desta asociación, todavía pendente de se constituir, os Concellos de Abegondo, Betanzos, Cabanas, Carral, Mesía, Miño, Narón, Neda, Ordes, Paderne, Pontedeume e Santiago.

É competencia dos Concellos segundo o artigo 25.2 LBRL a información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local.

O artigo 5 da Lei de turismo de Galicia atribúe aos municipios as seguintes competencias en materia turística:

- a) A protección e a promoción dos recursos turísticos do seu termo municipal.
- b) O desenvolvemento de infraestruturas turísticas no ámbito da súa competencia.
- c) Promover a declaración de municipio turístico e de festas de interese turístico.
- d) A potenciación e a promoción da denominación de xeodestino, segundo a definición contida no artigo 23.1, do que formen parte, sempre baixo a marca turística «Galicia».
- e) A colaboración coa Administración autonómica en proxectos e iniciativas de fomento e promoción turística instrumentada a través de fórmulas cooperativas axeitadas en cada caso.
- f) A posibilidade de participación, por instancia da Administración autonómica, no proceso de elaboración de plans de ordenación, promoción e investimento en materia turística.
- g) O exercicio das competencias turísticas que lles sexan atribuídas pola Administración da Xunta de Galicia, de acordo co establecido pola lexislación de réxime local.
- h) A colaboración coa Xunta de Galicia na protección dos dereitos das usuarias e dos usuarios turísticos."

Á vista dos fins que persigue esta asociación, considérase que pode axudar a potenciar as competencias que o Concello de Fene pode desenvolver no seu ámbito de actuación.

Examinados os estatutos da asociación emitiuse un informe favorable con observacións por parte da secretaría e intervención municipal o 22.03.2017.

Por este motivo, propoño ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

- 1º.-Integrarse como socio fundador na Asociación de Concellos do Camiño Inglés
- 2º.-Aprobar os estatutos da Asociación de Concellos do Camiño Inglés que se insiren como anexo.
- 3º.- Designar como representante político no acto constitutivo e como representante permanente na asociación ao concelleiro Gumersindo Pedro Galego Feal.
- 4º.-Designar como representante técnico na asociación á empregada Belén Souto Calvete.

Fene, 16 de maio de 2017
O alcalde
Juventino José Trigo Rey

ANEXO

ESTATUTOS ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO INGLÉS

CAPÍTULO I DA ASOCIACIÓN EN XERAL

Artigo 1º.-

1. Constitúese unha asociación sen ánimo de lucro das previstas na Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, e tendo en consideración a Disposición Adicional quinta da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e demais disposicións legais. A asociación ten a seguinte denominación: "ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO INGLÉS"

2.- A asociación rexeráse polos ditos estatutos, pola Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo e pola demais lexislación existente en materia de asociacións que lle sexa aplicable.

Artigo 2º.-

1. A asociación terá sede rotatoria entre os concellos membros. Estará emprazada no municipio no que o seu alcalde ocupe a presidencia.

2. No momento de constitución o domicilio principal da asociación radicará na localidade de Carral, na Casa da Cultura, rúa de Paleo, nº 17, C.P. 15175, provincia da Coruña e teléfono 981672580.

Artigo 3º.- A asociación, en funcións dos seus fins e do emprazamento do seu domicilio social, exercerá fundamentalmente as súas actividades no ámbito territorial da provincia da Coruña.

Artigo 4º.-

1.- A asociación constitúese por tempo indefinido e só se disolverá, conforme a estes estatutos, pola vontade dos asociados expresada en asemblea xeral extraordinaria ou polas causas previstas na lexislación vixente.

2.- A asociación nace sen patrimonio propio e aterase no seu réxime económico ás seguintes premisas:

- a. Terá un carácter non lucrativo.
- b. Para o cumprimento dos seus fins a Asociación contará cun orzamento formado por achegas anuais dos seus membros.
- c. Todos os seus ingresos aplicaranse aos fins que constitúen o obxecto desta asociación, sen que caiba en ningún caso a súa repartición entre os asociados, nin a súa cesión gratuíta a persoas físicas ou xurídicas con interese lucrativo.
- d. O seu patrimonio será independente do dos seus asociados.
- e. Os beneficios obtidos pola asociación, derivados do exercicio de actividades económicas, incluídas as prestacións de servizos, deberán destinarse exclusivamente ao cumprimento dos seus fins, sen que caiba en ningún caso a súa repartición entre asociados, nin a súa cesión gratuíta a persoas físicas ou xurídicas con interese lucrativo.
- f. Anualmente a xunta directiva presentará á asemblea unha memoria económica do exercicio xa rematado, xunto cos xustificantes de gasto que deberán ser de valor legal. Esta memoria deberá ser aprobada pola asemblea de socios.
- g. Para a contratación de servizos ou investimentos, a asociación estará suxeita á lexislación vixente de Contratos do Sector Público.

3. A asociación rexeráse segundo os principios democráticos contidos no marco da Constitución e o resto do ordenamento xurídico.

Artigo 5º.-

1. Son fins principais da asociación:

- a. Promover o desenvolvemento turístico dos concellos do Camiño Inglés, achegando a cooperación destas institucións locais e contando co apoio da Deputación Provincial, da Comunidade Autónoma, a Administración do Estado e mancomunidades ou outra forma de agrupación de concellos afectados polo Camiño Inglés.

- b. Promover a defensa e mellora do patrimonio natural e histórico-artístico do Camiño Inglés.
 - c. Planificar e desenvolver iniciativas de desenvolvemento sostible do territorio do Camiño Inglés.
 - d. Canalizar a promoción turística do Camiño Inglés, así como a elaboración de programas turísticos e medioambientais.
 - e. Ofrecer o apoio necesario aos peregrinos que transitan polo roteiro xacobeo do Camiño Inglés.
 - f. Desenvolver relacións de reciprocidade entre os concellos e territorios, fomentado e propoñendo iniciativas concretas que favorezan incrementos do movemento turístico, a implantación nos mercados nacionais e internacionais e a identidade de conxunto do territorio entre as grandes rutas viaxeiras do mundo.
 - g. Incluír este proxecto no marco dos programas da Unión Europea e/ou doutras institucións, destinados a axudar a novas iniciativas que potencien os destinos turísticos europeos e que precisen da súa presentación de forma conxunta e coordinada.
 - h. Planificar actuacións turísticas e de difusión de imaxe conxunta, que se corresponda cos intereses dos membros desta Asociación.
 - i. Participar e colaborar activamente cos plans da Deputación Provincial, da Comunidade Autónoma e da Administración do Estado neste territorio.
 - j. Representar aos concellos do Camiño Inglés en cantos proxectos, convenios, acordos ou similares de carácter público ou privado se orienten ao cumprimento destes obxectivos e fins.
 - k. Procurar a unión de iniciativas que en materia de desenvolvemento e promoción do Camiño Inglés leven a cabo outros organismos públicos e privados.
 - l. Fomentar o contacto e relación con outras entidades de natureza análoga que teñen entre os seus fins a promoción e defensa das diversas variantes do Camiño de Santiago.
2. Para levar a cabo os seus fins a asociación poderá:
- a. Establecer as estruturas orgánicas e administrativas pertinentes.
 - b. Facilitar o intercambio de información sobre temas relacionados co Camiño Inglés nos concellos membros.
 - c. Constituír os servizos de asesoramento e asistencia para os seus membros.
 - d. Dirixirse aos poderes públicos e intervir con carácter consultivo, no seu caso, na formulación da normativa legal que afecte aos seus municipios.
 - e. Organizar e participar en reunións, seminarios e congresos.
 - f. Promover publicacións e documentos nas materias propias das súas competencias.
 - g. Realizar calquera outra actividade con suxeición á lexislación vixente.
 - h. Planificar e executar programas anuais en directa relación coa súa finalidade e obxectivos.

CAPÍTULO II DOS ASOCIADOS

Artigo 6º.-

1. Poderán formar parte da asociación todos os concellos polos que transcorra o percorrido xacobeo do Camiño Inglés. O acordo de integración deberá ser adoptado polo órgano competente da corporación interesada, no que se expresará a súa vontade de adhesión e cumprimento dos presentes estatutos.
2. A alta será solicitada polo alcalde ou presidente da Corporación mediante escrito dirixido ao Presidente da asociación, quen dará conta á asemblea xeral, que acordará acceder ou non á admisión.
3. Calquera membro pode separarse previo acordo plenario da Corporación correspondente. Dita separación fornecerá efectos a partir da toma de coñecemento da asemblea xeral.
4. O membro que, por calquera causa, deixase de pertencer á asociación, acharase suxeito ao cumprimento dos compromisos e obrigacións contraídas.

Artigo 7º.- Dereitos dos membros da asociación:

- a. Asistir con voz e voto ás asembleas e reunións que se celebren.

- b. Ser candidatos aos cargos dos órganos de goberno.
- c. Participar nas áreas da asociación.
- d. Ter acceso aos arquivos, rexistros e documentos.
- e. Ter coñecemento da execución do orzamento.
- f. Solicitar ao presidente reunir á asemblea xeral, segundo os casos, cando estimen que os seus dereitos foron vulnerados, sen prexuízo da impugnación de acordos e poidan formular segundo a lexislación vixente.

Artigo 8º.- Obrigas dos socios da asociación:

- a. Cumprir os presentes estatutos e os acordos válidos da asociación e os seus órganos de goberno.
- b. Pagar as cotas regulamentarias e as achegas extraordinarias que, no seu caso, puidesen establecerse.
- c. Velar pola consecución dos fins propostos, cumprindo con exactitude as disposicións estatutarias e os regulamentos.

Artigo 9º. A condición de socio alterarase por algún dos seguintes motivos:

- a. Por acordo da corporación correspondente, segundo o disposto no artigo 6.3.
- b. Por deber máis dunha cota, perderase o dereito de voto nos órganos da asociación. Así mesmo, ningún concello con cotas pendentes poderá ser membro da xunta directiva.
- c. Os concellos que están neste suposto, verán reducida a súa presenza nas accións promocionais que a asociación desenvolva, así como nos materiais editados pola mesma durante ese período.
- d. Perderase a condición de socio da asociación, por falta de pagamento de 3 cotas ou máis, cando unha vez realizado o requirimento, pasasen máis de tres meses sen o pago das cotas debidas.

Artigo 10º.- Membro amigo

1. Poderán participar na asociación os denominados Membro Amigo que serán entidades públicas ou privadas que teñan entre os seus obxectivos o desenvolvemento, defensa e promoción do Camiño Inglés.
2. A condición de Membro Amigo supón que pode participar nas reunións e asembleas da asociación con voz pero sen voto, non poderá formar parte dos órganos de goberno e non ten a obriga do pagamento de cotas.
3. Para obter a condición de Membro Amigo a entidade ou organismo interesado deberá solicitar á presidencia a admisión argumentando o seu vencello co Camiño Inglés. Será a asemblea xeral a que acorde acceder ou non á admisión.

CAPÍTULO III

DOS ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN

Artigo 11º.- Os órganos de goberno da asociación son os seguintes:

- Asemblea xeral onde están representados todos os socios.
- Xunta directiva, que é o órgano do goberno da asociación e está formada polo presidente, un vicepresidente, un secretario, un tesoureiro e tres vogais.

Cada vogal representará aos seguintes treitos do Camiño Inglés e será escollido entre eles:

- Treito Ferrol-Bruma (Mesía): Ferrol, Narón, Neda, Fene, Cabanas, Pontedeume, Miño, Paderne e Betanzos.
- Treito A Coruña-Bruma (Mesía): A Coruña, Culleredo, Cambre, Carral e Abegondo.
- Treito Bruma (Mesía)-Santiago de Compostela: Mesía, Ordes, Oroso e Santiago de Compostela.

Artigo 12º.- A asemblea é o órgano soberano da asociación e está formada por todos os representantes das Corporacións asociadas, cargo que recaerá nas persoas que estas designen de conformidade coa súa normativa.

Artigo 13º.- Son competencias da asemblea xeral:

- a. Aprobar a modificación dos estatutos
- b. Aprobar o plan de actuacións da asociación
- c. Aprobar os orzamentos e contas xerais, así como o regulamento de réxime interno

- d. Aprobar as cotas ordinarias e achegas económicas extraordinarias
- e. Disolver a asociación
- f. Establecer a estrutura organizativa
- g. Aplicar o réxime disciplinario e sancionador nos supostos previstos nos Estatutos e Regulamento Interno que os desenvolven.
- h. Aprobar a admisión de novos socios e membros amigo.

Artigo 14º.-

1. As sesións que celebre a asemblea xeral poderán ser ordinarias e extraordinarias.
2. A asemblea reunirse con carácter ordinario polo menos unha vez ao ano, sendo convocada polo Presidente cun mínimo de sete días de antelación á data de celebración da mesma.
3. A asemblea reunirse con carácter extraordinario cantas veces sexa necesario, sendo convocada pola presidencia ou a petición dun terzo dos socios. A convocatoria farase coa mesma antelación prevista no apartado anterior.
4. As asembleas xerais, tanto ordinarias como extraordinarias, quedarán validamente constituídas en primeira convocatoria cando concorran a ela dous terzos dos asociados con dereito a voto; en segunda convocatoria, que se celebrará polo menos media hora máis tarde da primeira, quedará constituída a asemblea sempre que asistan o presidente e polo menos un terzo dos socios, coa excepción regulada no artigo 25 para a modificación de estatutos. Exercerà a secretaría tanto da Asemblea Xeral como das reunións da xunta directiva a persoa que ostente a xerencia da Oficina Técnica de Xestión podendo o presidente auxiliarse, cando a xerencia corresponda a persoa distinta e se o considera necesario polo secretario xeral do concello que preside ou técnico en quen delegue.

Artigo 15º.- Tanto para a asemblea ordinaria, como para a extraordinaria, a convocatoria haberá de facerse por escrito, expresando o lugar, o día e a hora de celebración da mesma.

Acompañarase á convocatoria a Orde do Día, comprensivo dos asuntos para tratar, debéndose incluír naquel, necesariamente, calquera tema que estando dentro dos fins desta asociación, fose expresamente solicitado polo menos por un terzo dos membros.

Artigo 16º.- Os acordos adoptaranse por maioría. En caso de empate, decidirá o voto de calidade do presidente.

Será necesario maioría cualificada das persoas presentes ou representadas, que resultará cando os votos afirmativos superen a metade destas, para:

- a. Nomeamento das xuntas directivas e administradores
- b. Acordo para constituír unha federación de asociacións ou integrarse nelas
- c. Disposición ou alleamento de bens integrantes do inmovilizado
- d. Modificación de estatutos
- e. Destitución do presidente
- f. Disolución da entidade

Artigo 17º.- As Asembleas estarán presididas polo presidente, asistido do secretario, quen levantará acta da sesión, na que se reflectirán as propostas e resolucións adoptadas.

Artigo 18º.- A presidencia da asociación será elixida entre os concellos que desexen ostentala e ratificada pola asemblea xeral. O vicepresidente, o secretario, o tesoureiro e os tres vogais que completan a xunta directiva tamén serán elixidos entre os asociados que se postulen. No caso de que non exista o número de concellos necesario para postularse para a xunta directiva, elixiranse entre aqueles concellos que aínda non ocuparan postos directivos.

A vicepresidencia substituirá á presidencia en caso de ausencia e en casos concretos poderá recibir a delegación do exercicio das súas competencias.

Artigo 19º.-

1. A duración do mandato do presidente será de dous (2) anos.
2. Calquera dos membros da Xunta Directiva cesarán nos seus cargos polas seguintes causas:
 - a. Por dimisión, comunicada por escrito á asemblea
 - b. Por perda da condición de membro da asociación

- c. Por destitución mediante acordo da asemblea xeral en sesión extraordinaria, convocada a este só efecto, en tanto se celebre a seguinte asemblea xeral. Será necesario o voto da maioría absoluta dos asistentes.

- Artigo 20º.-** O presidente da asociación serao tamén da asemblea, e terá as seguintes atribucións:
- a. Representar á asociación
 - b. Tutelar a Oficina Técnica de Xestión
 - c. Convocar e presidir as sesións da asemblea xeral, con voz, voto e voto de calidade
 - d. Ordenar e autorizar pagos
 - e. Asinar en nome da asociación cantos documentos públicos e privados sexan precisos para percibir calquera tipo de subvención, achegas derivadas de convenios e toda clase de cantidades e cobros por calquera concepto das Administracións Públicas e dos organismos delas dependentes ou doutras entidades, públicas ou non e para iso asinar os documentos públicos e privados que sexan precisos ou convenientes en nome da asemblea.

Capítulo IV DOUTROS ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN

- Artigo 21º.-** A xunta directiva terá as seguintes atribucións:
- a. A aprobación do programa de traballo e proxectos da asociación
 - b. A fixación e execución do orzamento tendo en conta as liñas marcadas pola asemblea xeral, seguindo os recursos económicos dos que se dispoña.
 - c. O nomeamento dunha Comisión Revisora de Contas que examine os balances económicos-financeiros e inventario dos bens da asociación e dea parte á asemblea xeral.
 - d. Executar os acordos da asemblea xeral
 - e. Decidir sobre cuestións reservadas á asemblea xeral en caso de extrema urxencia, debendo ser ratificadas ditas resolucións posteriormente pola asemblea xeral na seguinte sesión que celebre
 - f. Velar polo bo funcionamento da asociación.
 - g. As competencias que o presidente ou a asemblea xeral deleguen nela.

A duración do mandato dos membros de xunta directiva será de dous (2) anos, podendo seren reelixidos pola asemblea xeral seguindo os criterios do Título V art. 18 dos presentes estatutos.

Artigo 22º.- Secretaría e Tesourería

1. Son funcións da secretaría:
 - a. A función de xefatura dos servizos administrativos da Asociación.
 - b. Custodiar e levar ao día toda a documentación, arquivos e rexistros da asociación.
 - c. Levantar actas dos acordos chegados na asemblea xeral e a xunta directiva.
2. Son funcións da Tesoureiría:
 - a. Custodiar os fondos da asociación e levar en orde a contabilidade.
 - b. Dar cumprimento ás ordes de pagamento que expida o presidente.
 - c. Confeccionar os orzamentos anuais, os estados de contas e os balances da asociación.

Artigo 23º.- A asociación poderá dispor dunha Oficina Técnica de Xestión asumindo as responsabilidades como órgano de xestión.

1. A Oficina Técnica de Xestión, dependerá directamente da xerencia, de conformidade coas directrices marcadas pola Presidencia, e establécese con orde a desenvolver coa maior eficacia técnica e profesional os obxectivos da asociación. De carácter eminentemente profesional haberá de resolver, planificar e executar os programas anuais. As funcións da Oficina Técnica de Xestión, incluídas as de xerencia, serán desempeñadas por persoal ou órganos técnicos vinculados ás corporacións das que forman a xunta directiva da asociación ou por persoal contratado pola Asociación.

2. Son funcións da xerencia en virtude dos acordos previos, sen menoscabo das que lle fosen encargadas pola presidencia, as seguintes:
- Asistencia técnica á presidencia e coordinación xeral dos proxectos e das accións da asociación.
 - Propoñer ao presidente as accións técnicas e profesionais propias dos obxectivos da asociación.
 - Relacións de carácter técnico e profesional coas Administracións Públicas e entidades privadas.
 - Convocar reunións técnicas en cantas ocasións fosen necesarias para levar adiante as propostas profesionais derivadas dos obxectivos da asociación ou dos compromisos profesionais que puidesen xurdir.
 - Elaborar os orzamentos anuais con desagregación por accións concretas e o orzamento de gastos e mantemento da Oficina Técnica de Xestión.
 - Auxiliar e asesorar á presidencia e aos concellos membro respecto das estratexias para desenvolver, documentos técnicos dá emitir e en cantas accións, plans e proxectos sexan de beneficio á asociación.
 - Propoñer accións para a elaboración de produtos turísticos das cidades e establecer contactos e relacións coas empresas e servizos turísticos relacionados coa asociación.
 - Planificar e organizar os programas anuais de traballo da Asociación en orde a conseguir os obxectivos que se expoñen para a mesma.
 - Asistir e participar en cantas actividades e convocatorias públicas ou privadas sexan de interese para os obxectivos desta asociación.

TÍTULO V DO RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 24º.-

- Os recursos da Asociación procederán de:
 - As cotas ordinarias de carácter anual que serán proporcionais tendo en consideración o censo de habitantes dos concellos membros.
 - As achegas extraordinarias que deberán ser ratificadas polos respectivos plenos .
 - As subvencións ou doazóns que se reciban.
 - Os rendementos propios do seu patrimonio e derivados das súas actividades e publicacións.
- As cotas ordinarias terán carácter anual e serán determinadas en canto á súa contía pola asemblea xeral. Fixaranse as contías tendo en conta os seguintes tramos por número de habitantes:
 - Ata 5.000 habitantes
 - De 5.001 a 10.000 habitantes
 - De 10.001 a 30.000 habitantes
 - De 30.001 a 50.000 habitantes
 - De 50.001 a 100.000 habitantes
 - Máis de 100.000 habitantes
- O abono das cotas deberá realizarse no primeiro trimestre do ano, sendo causa de apercibimento a falta de pagamento das mesmas.
- A asociación levará unha contabilidade que permita obter a imaxe fiel do patrimonio, do resultado e da situación financeira da entidade, así como cantas obrigacións contables determinen as normas específicas que resulten de aplicación a esta asociación.
- O exercicio económico coincidirá co ano natural e terminará cada ano o día 31 de decembro de dada ano excepto no caso de disolución da asociación, nese caso o peche será o da asemblea que aprobe a disolución. A data de apertura do exercicio económico coincidirá co 1 de xaneiro, excepto no caso da súa fundación que será a data da súa acta fundacional.

TÍTULO VI MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS

Artigo 25º.-

A modificación de Estatutos deberá ser aprobada pola asemblea xeral en sesión extraordinaria. Para a súa constitución válida, será necesaria a presenza, en primeira convocatoria, de dous terzos dos seus membros. Na súa segunda convocatoria, quedará constituída validamente con polo menos tres dos asociados.

O acordo de modificación adoptarase por maioría absoluta dos asistentes.

TÍTULO VII DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN

Artigo 26º.-

1. O acordo de disolución deberá ser adoptado en sesión extraordinaria pola Asemblea Xeral convocada para o efecto, e por unha maioría absoluta dos asistentes. Son causas de disolución da Asociación:
 - a. Por acordo da asemblea xeral extraordinaria
 - b. Polas causas determinadas no artigo 39 do Código Civil
 - c. Por resolución xudicial e firme

2. Acordada a disolución, a Asemblea constituirase na Comisión Liquidadora, que procederá á liquidación da Asociación, repartindo o patrimonio social entre entidades benéficas, unha vez deducidos os recursos para o cumprimento das obrigacións pertinentes.

DISPOSICIÓN ADICIONAIS

1ª. En calquera outro suposto non recollido nestes Estatutos, aplicarase a vixente Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo.

Fene, a 18 de febreiro de 2017.
O alcalde"
Asdo. Juventino Trigo Rey"

Sometido o asunto a votación foi aprobado por unanimidade dos concelleiros presentes.

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

- 1. Integrarse como socio fundador na Asociación de Concellos do Camiño Inglés.**
- 2. Aprobar os estatutos da Asociación de Concellos do Camiño Inglés que se insiren como anexo.**
- 3. Designar como representante político no acto constitutivo e como representante permanente na asociación ao concelleiro Gumersindo Pedro Galego Feal.**
- 4. Designar como representante técnico na asociación á empregada Belén Souto Calvete.**

5. Mocións urxentes

5.1 Declaración institucional polo mantemento dos servizos bancarios en San Valentín

Queda introducida na orde do día a seguinte declaración institucional logo de obter o voto unánime dos concelleiros presentes respecto da súa urxencia:

"DECLARACIÓN INSTITUCIONAL POLO MANTEMENTO DOS SERVIZOS BANCARIOS EN SAN VALENTÍN

A fusión das caixas de aforro galego e a súa posterior bancarización levaron o mapa de sucursais de Fene de ter 5 oficinas a ter tan so 3, o proceso de fusión e reconversión deixou polo camiño o antigo Echeverría e a antiga Caixa Nova, quedando as 3 sucursais da antiga Caixa Galicia.

Logo do rescate realizado polo FROB, e a socialización das perdas e dos investimentos en ladrillo a través do banco malo o goberno privatizou as caixas fusionadas vendéndoas a prezo de saldo. O

noso país perdeu un instrumento básico para o seu financiamento e para a xestión do aforro con criterios propios.

En pouco tempo a nova entidade obtén importantes beneficios grazas á grande vinculación territorial das antigas Caixas de aforro, malia este dato a dirección da nova entidade mantén os recortes no plantel, as perdas de poder adquisitivo do persoal e o peche de oficinas.

Perdeuse o obxectivo de que colocar o aforro galego ao servizo do país, desenvolvendo o tecido produtivo e xerando emprego. Na actualidade ademáis estanse a perder servizos de atención ás persoas. O Concello de Fene non pode quedar impasible ante a posibilidade real de peche dunha nova oficina, a de San Valentín, perdéndose un servizo importante para a nosa veciñanza, pasaríamos de 5 a 2 oficinas da mesma propiedade.

Estamos convencidos que é o momento de defender os intereses de Fene reclamando aos responsábeis da entidade Abanca o mantemento das 3 oficinas existentes no noso municipio.

Polo o exposto, os grupo municipais asinantes;

- 1.- Demandamos o mantemento das oficinas existentes de Abanca no noso concello.
- 2.- Valoraremos a posición de cliente do Concello de Fene nesta entidade no caso de producirse o peche dunha das súas oficinas.
- 3.- Apoiamos á veciñanza do barrio de San Valentín nas demandas de mantemento dos servizos bancarios.
- 4.- Dar conta desta declaración e acordos ós grupos políticos con presenza no Parlamento de Galiza e ó Presidente da Xunta.

Fene 01-Xuño-2017"

A petición do grupo do PP introdúcese como emenda a notificación do acordo á dirección de Abanca.

Abre o debate o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que di que non está de acordo con que se lle dea coñecemento ao grupos políticos do Parlamento de Galicia e ao presidente da Xunta de Galicia, pero pode pasar por iso, non obstante o fundamental é darlle coñecemento á empresa e habería que incluílo aquí.

A continuación intervén o alcalde que iso é o que figura no punto primeiro pero pódese incluír un punto quinto que sexa notificar este acordo á dirección de Abanca.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que o seu grupo apoiará esta moción aínda que non lle ve obxecto ningún ao punto cuarto xa que o Parlamento non ten ningunha competencia ao respecto pero se se quere manter non será impedimento. Está de acordo co sinalado polo grupo municipal do PP de que se dirixa a moción á empresa, xa que quen ten que dar resposta é a empresa.

De seguido fai uso da palabra o concelleiro do grupo municipal Somos Fene, César Daniel Castro García, di que o seu grupo está de acordo coa formulación inicial e tamén está de acordo coa modificación.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que lembra cando se pechou Caixa Nova e precisamente o seu grupo, polo BNG, foi bastante belixerante nese tema no senso de solicitar reunións cos directivos, naquel momento era Nova Caixa Galicia, cando se pechou a oficina de Marqués de Figueroa e roga que isto non quede só nunha declaración institucional de xeito que o goberno terá que facer algo para evitar este peche. Pese a que daquela a belixerancia que mantivo o BNG pensaba que estaba bastante fóra de lugar o seu grupo si comprende e así entende que dobregar a vontade dunha empresa privada é complicado, por iso rógalle, como vostede rogou anteriormente que redobre este esforzo, e fóra desta declaración institucional e coa forza que lle dá a declaración aprobada polos catro grupos políticos que forman este Pleno a faga valer diante da institucións que lle correspondan.

A continuación fai uso da palabra o alcalde que dille ao voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que así se fará.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por unanimidade dos concelleiros presentes.

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

1.- Demandamos o mantemento das oficinas existentes de Abanca no noso concello.

2.- Valoraremos a posición de cliente do Concello de Fene nesta entidade no caso de producirse o peche dunha das súas oficinas.

3.- Apoiamos á veciñanza do barrio de San Valentín nas demandas de mantemento dos servizos bancarios.

4.- Dar conta desta declaración e acordos ós grupos políticos con presenza no Parlamento de Galiza e ó Presidente da Xunta.

5.- Notificar este acordo á dirección de Abanca.

6. Rogos e preguntas

O voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, fai os seguintes rogos e preguntas:

- Ata aquí durou o Pleno, menos mal que a nova de Abanca foi coñecida hai uns días porque senón aquí acabouse o Pleno e reitera que os plenos están sen contido ningún e así levan moitos. No Pleno pasado enumeroulle ao alcalde as medidas que tiña anunciadas e o Pleno de hoxe non durou nin quince minutos.

- Cando se pensa contestar ás preguntas formuladas no Pleno de hai dous meses por parte do grupo do municipal do PP?. Di que no anterior pleno, cando o grupo do PP preguntou por esas preguntas, a resposta do alcalde foi que o retraso na contestación se debía a que as preguntas se fixeron tarde e por iso se estaba a tardar. Di que entende que no anterior pleno se lle contestase iso pero non ve normal que a día de hoxe aínda non se contestara.

Contéstalle o alcalde que esas preguntas se lles notificarán o luns pola mañá.

- Reitera que a estas alturas seguen esperando pola ordenanza de vados que se tiña previsto facer, así como pola reforma da ordenanza de Servizos Sociais prevista dende hai dous anos.

Contéstalle o alcalde respecto das ordenanzas, o PXOM, sobre o Punto Limpo e os orzamentos dicíndolle que si se está traballando neles. Presentaráselles, espera, ao longo deste mes ou o mes que vén, senón todo, si unha parte importante.

- Reitáralle ao concelleiro de Urbanismo que é moi urxente retomar o Plan de Urbanismo porque hai un ano que se aprobou a nova Lei do Solo e aínda non se fixo nada. Entende que é un tema urxente sobre o que non se está a facer nada e dille que esa inactividade non pode seguir polo que pregúntalle ao concelleiro de Urbanismo se ten pensado retomar as reunións co redactor do PXOM?

- En relación ao Punto Limpo di que tampouco se sabe nada, que os letreiros de Vilar do Colo descúbrense e a xente debe de pensar que hai un Punto Limpo cando non é así. Di que xa van dous anos, que había un pequeno borrador de regulamento pero, a día de hoxe, non se sabe nada.

- Sobre os orzamentos di que non están nin se lles espera, pese a que as liñas mestras xa ían a vir no mes de novembro. Prega que se saque un borrador canto antes.

- Ten coñecemento de que por parte do concello rexeitouse facer as eliminatorias do Campeonato Galego de Marcha a Cabalo. Di que solicitouse o terreo de Vilar do Colo, onde se fai o scratch Fene, para facer esas eliminatorias e ao parecer dende o Concello non se lles fixo ningún caso e solicitarono no Concello de Cabanas. Engade que lle gustaría que se lles dese algún tipo de

explicación sobre este tema. Di que o cartel anunciador sinala que se vai facer no polígono Vilar do Colo pero na zona de Cabanas.

Contéstalle o alcalde que non sabe nada, pero o preguntará.

- É coñecedor de que nalgúns negocios de Fene estanse a facer medicións de ruídos en colaboración coa policía local de Narón. Di que non é que lles importe que a policía local de Narón estea a colaborar senón que isto deberíase informar na Comisión correspondente e así non tería que preguntarlle sobre este asunto aquí no Pleno.

Contéstalle que se fixo un convenio con eles porque teñen policías e aparatos homologados para poder facer este tipo de medicións. Segundo as horas nas que se fixo nalgún local e ao acompañar á Policía e a Garda Civil pareceulles oportuno non contratar ningunha empresa para este traballo e si facelo cos medios da Policía municipal deste ou doutro Concello limítrofe, como xeito de colaboración entre Administracións.

A continuación fai uso da palabra a concelleira do grupo municipal do PP, Rocío Aurora Bértoa Puente, que dille ao alcalde que esa non é a pregunta. Preguntouse porque o goberno non dá conta nas Comisións?.

Contéstalle o alcalde se quere que se dea conta de absolutamente todo o que se fai?, así as carpetas das Comisións pódense encher de papeis, aínda que non sabe que obxecto tería.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que dille ao alcalde que a xente preguntalles moitas veces polo que se está facendo?, e con sinceridade, non o sabe. Non obstante, se na Comisión se dese conta da sinatura dun Convenio de colaboración entre Narón e Fene para facer as medicións cos sonómetros sería suficiente.

A continuación contéstalle o alcalde que se pode informar absolutamente de todo.

- Hai unhas comisións especiais que foron aprobadas polo Pleno. Da única Comisión que se realizou non se sabe nada da súa acta e sobre a outra, que é a do tema da chatarra, non se sabe nada. Ten pensado convocala?.

Contéstalle o alcalde que se convocarán as dúas comisións. Ten razón que pode haber un mes que se convocou, pero lémbrale ao voceiro do grupo municipal do PP, que o seu goberno tardou máis de oito ou dez meses en facer algo semellante. Dille que o fará moito antes.

- Pedíuse un proxecto para as verteduras do Carril cando xa había un proxecto que feito que foi o que se incluíu Plan Medioambiental, aquel que se perdeu por presentalo fóra de prazo. Parece ser que agora encargóuselle un proxecto a Viaqua ao respecto e non o entende, por iso roga que llo aclaren.

Contéstalle o alcalde que pensa que se tratou dunha adaptación do anterior proxecto, que consistiu en corrixir un erro, por constar unha marca comercial dunha bomba.

A concelleira do grupo municipal do PP, Rocío Aurora Bértoa Puente, fai os seguintes rogos e preguntas:

- En relación ao convenio co Concello de Narón sobre a colaboración policial, preguntalle a concelleira de Medio Ambiente porqué non se lles dá conta dos expedientes de contaminación acústica que se están a tramitar?, por que se fan estas investigacións?, e a que tipo de locais se fan?. Di que non é que estea en contra das investigacións, pero non entende porque non se dá conta na correspondente Comisión.

- En relación coa Comisión de Persoal felicitou á concelleira pola extensa dación de contas que fixo sobre os traballos eléctricos e grazas á reclamación do Partido Popular solucionouse o problema de alumeado que había en Vilar do Colo. A pesar disto, di que na Comisión non se lles informa nunca sobre os asuntos de persoal, así entre a dación de conta das Resolucións aprobadas está a aprobación da lista definitiva de admitidos para cubrir unha praza de arquitecto técnico, convocatoria

da que non se lles informou e que tiveron que coñecer polo BOP, igual que agora coñece polas Resolucións que o proceso está avanzando.

- Hai unha serie de contratos que xa estaban regulados que se están a sacar sen darlles conta, como por exemplo o contrato de xestión catastral que viu cando se abriu o procedemento.

- Di que viu que a Xunta de Goberno Local aprobou dúas facturas distintas no mesmo mes en relación a unha reparación duns semáforos na mesma zona da parroquia de Perlío, por iso pregunta, a que se debe que dúas empresas distintas, no mesmo mes, amañen os mesmos semáforos?, foi un erro de facturación?, que pasou?.

Contéstalle o alcalde que terá que consultar as facturas.

A concelleira do grupo municipal do PP, Rocío Aurora Bértoa Punte, di que se trata dos semáforos de Perlío que estiveron paralizados moito tempo e houbo moitas protestas. Esta cuestión foi á Comisión e a concelleira de Servizos dixo que era un arranxo difícil e veu que na mesma semana presentáronse dúas facturas de distintas empresas arranxando o mesmo semáforo.

Contéstalle o alcalde que, polo que fala, trátase de dúas facturas, a primeira relacionada co arranxo por mor dunha tormenta e a segunda, da que xa se deu conta nunha Xunta de Voceiros, foi consecuencia dunha sabotaxe.

A concelleira do grupo municipal do PP, Rocío Aurora Bértoa Punte, pregúntalle ao alcalde como é que van dúas empresas a arranxar o mesmo semáforo?.

Contéstalle o alcalde que non é a mesma avaría.

- Sobre a Resolución da alcaldía 547/2017, de corrección de erros dun acordo da Xunta de Goberno Local dunha licenza de concesión dunha parcelación de 1995, pregunta, por que se revisa nestes momentos algo do ano 1995?.

Contéstalle o alcalde que a ten que mirar, non lembra de memoria o informe nin a Resolución. Contestaralle por escrito.

A concelleira do grupo municipal do PP, Rocío Aurora Bértoa Punte, dille ao alcalde que trae ao Pleno unhas trescentas resolucións para dar conta e supón que as traerá preparadas, precisamente por si lle preguntan por elas. Esta é a única rectificación de erros de acordos de Xunta de Goberno Local correspondente a unha cesión, quere dicir, que non é como se lle preguntara por unha axuda de servizos sociais que hai moitísimas, é un punto exclusivo.

A continuación intervén o alcalde que contéstalle que lle responderá por escrito.

- Pregúntalle ao concelleiro de Cultura porque o Concello colabora coa Fundación Plácido Castro?. Di que viron que hai unha factura dunha adquisición de impresión duns libros e queren información sobre isto.

Contéstalle o concelleiro de Cultura, Xuventude e Deportes, Justo Martínez Ardá, que houbo unha exposición en Ferrol e colaborouse porque o goberno entendeu que é unha persoa salientable para a cultura de Galicia. A colaboración consistiu en deixarlle unhas mesas da Casa da Cultura e no transporte ata o Pazo de Ferrol para exposición. Tamén se colaborou coa impresión dos libros.

O voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, di que parécelle salientable que non se faga as letras galegas en Fene e se lle dean 1400 euros ou máis a Ferrol, para facer a exposición alí.

O voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, fai os seguintes rogos e preguntas:

- O Pleno foi rapidiño e dos temas importantes non hai nada, así non hai nada dos orzamentos, do campo de fútbol, do PXOM, das ordenanzas só o anuncio de que van vir, da xestión e participación no hai nada e nada dos pasos elevados da vía do tren. Logo dise se a oposición pretende que se lles

informe de todo o que pasa no Concello. Di que hai unha Comisión no que se intenta informar de todas as bombillas que se cambian nos farois do Concello de Fene e, en cambio, non informan de cando o Concello saca un procedemento de contratación de persoal ou asina un convenio con outro Concello. Pola súa parte permitiralle ao goberno, se quere, que non lle conte todas as bombillas que se cambien pero, rógalle que dos temas substanciais si informen.

- Lémbrale ao alcalde preguntas que quedaron sen contestar de plenos e comisións anteriores que non contestou. A primeira é para o concelleiro de Obras, que no último Pleno informou que nas beiravías do Carril, no acceso á escola infantil, tiñan feito oito cesións e quedaban pendentes cinco. Como resulta que iso non ten nada que ver coa realidade que hai que facer alí, pregúntalle se nun mes tivo tempo de pasar pola zona e contar as leiras que teñen cesións pendentes?, se non tivo tempo pode ir á Unidade Técnica e mirar o plano do proxecto, porque a realidade e o que contou non ten nada que ver. Pregúntalle ao concelleiro de Obras se agora o sabe?, e pídelle un pouco de respecto a este Pleno, xa que pode desculpar que non se teña toda a información na cabeza pero, gratuitamente, por facer un divertimento, alguén que ten a responsabilidade de xestionar as obras deste Concello, que se invente datos que non teñen nada que ver coa realidade parécelle que está completamente fóra de lugar.

Contéstalle o concelleiro de Urbanismo, Justo Martínez Ardá, que ten tanto respecto a este Pleno como o que máis. Dille ao voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que lle insistiu moito en que dixera unha cifra pero cando teñan a acta daquela sesión plenaria comprobará que non dixo en ningún momento que este goberno fixeran oito. Dille que el preguntou cantas se fixeron e contestoulle que debía haber, aproximadamente, oito feitas, e non sabe se as fixo el, o PSOE, o PP ou o BNG, pero hai oito finalizadas; hai cinco que faltan por traer a documentación e hai dúas no notario. Dille que el non minte nunca, pódese trabucar, pero non mentir, así se pasasen seis meses e non tivera nada feito ao respecto tamén llo diría. Respecto do PXOM, di que agora si que houbo reunións, aínda que se diga que non as houbo. Xa o dixo no Pleno anterior e reitera que cando teñan a acta verase que así o dixo.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que verase a acta pero vostede comparou as dúas cesións que fixo el, cando foi concelleiro do goberno, coas demais e hoxe veu ao Pleno a dicir que xa non sabe se as cesións se fixeron antes ou despois, pero pensa que aínda non se mirou ben o proxecto. Poderá haber as cesións que sexan, pero as que quedaron pendentes dende o dez de agosto eran as que eran e iso moi doado de dicir.

O voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, di que xa sabe que lles dixo no pasado Pleno que ultimamente mantivo unha reunión pero o que lle preguntaron foi polo fondo do asunto, que se vai facer?, que se fixo?, e que previsións hai?.

- En relación coa subvención de Turismo que o concelleiro de Promoción Económica e alcalde deste Concello decidiu non solicitar, di que xa se lle dixo nun Pleno que a deixara pasar por diante. Perdéronse os cartos outra vez, contestou que a oposición estaba equivocada e que ao Concello non lle interesaba pedir aquela subvención. Logo comparando as convocatorias doutros anos viu que si, que o alcalde tiña razón se se estivese no ano pasado, porque a convocatoria que xestiona as prazas para a caseta de turismo entre o ano pasado e este cambiou e as limitacións que había o ano pasado este ano xa non estaban. Como as súas explicacións tampouco teñen que ver coa convocatoria deste ano, cando ademais na última Comisión outro grupo político lembroulle que todas as resolucións e todos os concellos que tiveron esa subvención se concederon co coeficiente 1, o que quere dicir, subvención do cen por cento, así o concello en cuestión só tería que xustificar o gasto que se concedese, como é posible que saia máis rendible pagarlle a unha empresa privada por prestar un servizo a cargo do Concello que percibir unha subvención que lle permite pagarlle o salario a unha persoa cualificada non durante dous meses, senón durante catro?, cando a subvención só esixe a xustificación do que se paga. Pregúntalle ao alcalde se nun mes deulle tempo a revisar a subvención?, sabe xa o que pasou?, leu a subvención antes de pedila?. O que aquí saben é que, primeiro perdeuse unha subvención de Medio Ambiente de case corenta mil euros, logo outra conxunta co Concello de Cabanas porque non se deron entendido de outros case cincuenta mil e agora perdeuse outra subvención de máis de dez mil euros, porque é a media do que están recibindo os Concellos que pediron esta subvención é de dez ou quince mil euros para arriba. Total xa suma cen mil euros perdidos en subvencións, pensa que xa está ben de non dar explicacións. Respecto á subvención de turismo pídelle que explique agora que pasou, se houbo unha confusión porque foi e,

cando menos, se se perderon os cartos pida desculpas porque non lle parece o xeito máis idóneo de xestionar os recursos dos veciños e veciñas de Fene.

Contéstalle o alcalde que é certo que houbo unha subvención que tamén houbo outros anos, cunha porcentaxes determinadas que ofrecían uns importes e que xa se renunciou á axuda nalgunha ocasión, porque entre as condicións que se impoñen é que a caseta de turismo ten que estar aberta catro meses. Ademais disto tamén se tivo en conta a asistencia á caseta de turismo. En base a isto, o goberno está a pensar en mover de sitio a caseta, porque sen ter a información aquí, na última semana que permaneceu aberta na Semana Santa pasaron seis persoas, o que quere dicir que ao mellor hai que pensar que os recursos que dan, ben sexan en subvencións ou no que sexa, xa que nada é de balde. Así, se hai que ter aberta a caseta en setembro ou outubro para que pasen tres persoas hai que pensar que, ou ben hai que cambiar a caseta de sitio ou ben non interesa pedir a subvención para isto, xa que eses cartos, por ser dados, non significan que sexan de balde. Hai que ter un pouco de responsabilidade, ver cal é o uso que se dá á caseta e pensar máis cousas, usar o sentido común e non pedir subvencións porque si. Pensa que hai outras cousas máis importantes e, neste sentido, con estar a oficina os meses de xullo e agosto, dous ou dous meses e medio, pensa que para Fene é suficiente. Reitera que o número de persoas que pasan ao longo do verán é moi pequena e están a pensar no seu cambio.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que alégrase de que o goberno pense en facer cousas coa caseta de turismo, aínda que as veces sexan erradas ou non, pero tampouco se pode tratar de despistar, xa que se se contrata a unha empresa e o Concello a pagará con cartos dos veciños e veciñas de Fene si ou si, pero se se pide a subvención o pagará a Deputación. Todos son organismos públicos, uns os pagan directamente os veciños de Fene e, se se houbese pedido a subvención eses cartos, moitos ou poucos, poderían servir para outras cousas. Por certo, un técnico de turismo ademais de informar turistas, pode desenvolver moito traballo de organización, de materias turísticas, recoller información, remisión de información municipal a outros puntos, definir estratexias de comunicación e información turística e demais; e se a demanda é tan baixa, pode facer todo este outro tipo de traballos. O que se perderon foron cartos e, este ano o que se van gastar son cartos dos veciños e veciñas de Fene, que no case de tramitarse a subvención non se gastarían, habería un técnico ou unha técnica que traballaría para o Concello, quen lle podería dar moitas máis posibilidades que as de mera información da xente que pasa por aquí.

- Os veciños de San Valentín, da zona do final do paseo marítimo, dixéronlle que semella que hai un propietario que está a plantar tullas, supostamente invadindo o terreo público. Pensa que as tullas non son a plantación máis idónea da paraxe de ribeira e non sabe como está a regulación daquela zona. Non obstante rógalle ao goberno que o miren.

Contéstalle a concelleira de Servizos, Alejandra Permuy Meizoso, que ese veciño falou coa Demarcación de Costas que delimitou a súa propiedade e unha vez feita, dentro da súa propiedade pode plantar o que lle pareza.

- Nunha comisión pediuse que se renovase o caucho do parque infantil de preto do pavillón da Xunqueira que presenta un nivel de deterioro moi alto e non cumpre cos parámetros de elasticidade. Hai prevista algunha actuación ao respecto?.

- Preguntoulle nunha comisión e veu que aínda non se tomaron medidas respecto do cruce da rúa Porto do Río, subindo cara o CMI, se hai a previsión de instalar algún tipo de sinal indicando as prioridades de paso para incrementar a seguridade vial da zona?.

Contéstalle a concelleira de Persoal, Alejandra Permuy Meizoso, que a Policía Local está a facer varios informes sobre seguridade vial e un deles é ese.

- As reixas exteriores do colexio dos Casais tiñan a previsión o ano pasado de cambialas cando entrase o persoal dos Plans de emprego da Deputación. Hai previsión este ano de facelo?.

- Fixo un rogo na comisión dun roce na zona do campo de fútbol de Barallobre e segue sen facerse. Roga que se faga.

Contéstalle a concelleira de Servizos, Alejandra Permuy Meizoso, que proximamente vai comezar o tractor a quenda de tarde e comezarse a facer algún traballo máis.

- Veu no rexistro de entrada un informe técnico do 30.05.2017 sobre a memoria valorada para a renovación da rede de acometida na Ribeiroa. Roga que lle informen sobre este proxecto, tendo en conta que os accesos son propiedade da Deputación. Lembra a incidencia do 2016 que houbo nesa zona, cando o Concello acometeu unha obra de urxencia no vial da Deputación, a cal comprometeuse, verbalmente, que ía facer unha actuación integral da zona. Estase xestionando e esixindo o seu cumprimento?, ten algo que ver esta actuación coa anterior?.

Contéstalle o concelleiro de Urbanismo, Justo Martínez Ardá, que trátase dun informe que se achegou, aproximadamente, antes de fin de ano, xusto antes de facer o aglomerado. Logo dunha revisión do técnico municipal comprobouse que o informe non é correcto, que contén unhas medicións que non se corresponden e solicitouse unha modificación ou aclaracións do informe.

- Veu no rexistro que hai unha compañía aseguradora que lle comunicou ao Concello que non estaba de acordo co contrato do seguro de vida e accidentes. Roga que lle expliquen esta incidencia.

Contéstalle o alcalde que solicitáronse unhas ofertas a varias compañías e unha delas fixo a mellor oferta, en base a isto preparouse o seguro e lodo diso, a compañía desistiu da súa contratación, logo de ver a sinistralidade do Concello. Ese é a comunicación á que se refire.

- Non se informou nada do procedemento de contratación do catastro. Alégrase de que se regularice a situación pero non se informou nada.

Contéstalle o alcalde que o concelleiro de Urbanismo xa informou nunha comisión hai tres ou catro meses e as bases están publicadas.

- Viu no rexistro do 23.05.2017 que se reiterou a obriga de remisión de informes económicos. A que se debe esta comunicación?.

Contéstalle o alcalde que se trata dunha comunicación que envían habitualmente, que queda pendente unha vez que se faga a liquidación orzamentaria do 2016. A liquidación farase probablemente mañá, pero dende os últimos dous anos hai que esperar a que a Deputación faga os axustes correspondentes segundo se van pechando as liquidacións. Fene xa pechou hai escasamente quince días e agora, feita a liquidación, probablemente mañá enviarase a documentación. Trátase de avisos que se fan dun xeito habitual lembrando as datas.

- Veu a facturación dunha empresa por unha varandiña para San Valentín e pide que lle informen onde se colocou.

Contéstalle a concelleira de Servizos, Alejandra Permuy Meizoso, que na Comisión deu conta de todos os obradoiros de emprego e dos Plans de Formación que se estaban realizando. Un deles é o Plan de Garantía Xuvenil que ten como proxecto a realización das varandiñas, nas escaleiras de acceso á San Valentín, en base a unha memoria valorada.

O concelleiro do grupo municipal Socialista, Joaquín Julián Ayala Garrido, fai os seguintes rogos e preguntas:

- En relación coas tarxetas de aparcamento por discapacidade veu que hai tres ou catro solicitudes e quere saber cantas tarxetas se emitiron este ano 2017?, hai algún estudo de cantas tarxetas hai emitidas no Concello?. As preguntas fundaméntanse no rogo de que ve a necesidade de facer un estudo da necesidade que teñen estas persoas para facer aparcamentos en superficie, de xeito que pode haber xa varias solicitudes en distintos barrios ou zonas que non sexan suficientes cunha ou dúas prazas, por iso o estudo debe determinar que zonas teñen máis persoas con este tipo de dificultades e que teñan tarxetas de aparcamento, cara a incrementar as prazas de aparcamentos reservadas para estes veciños.

Contéstalle a concelleira de Benestar e Igualdade, María Carmen Martínez Rodríguez, que dixéronlle que en principio era complexo saber o dato. Dille que ten o modelo de solicitude do ano pasado e deste ano, o cal llo achegará. Respecto do estudo falarao, pero entende que non é moi factible polo tema do tempo, non obstante o falará.

- Respecto dos dispositivos de teleasistencia xa preguntou na Comisión e a concelleira de Benestar Social contestoulle que non podía determinar o seu número. Dille que si se pode saber cantos se conceden, así o 19.05.2017 hai tres notificacións de Servizos Sociais á Consellería de Política Social confirmando a adscrición destes dispositivos, co cal si se pode saber porque se fai unha confirmación da aceptación do dispositivo.

Contéstalle a concelleira de Benestar e Igualdade, María Carmen Martínez Rodríguez, que consultou e díxeronlle que hai dispositivos da Xunta de Galicia e da Deputación da Coruña, que hai respostas que van directamente ao usuario, así hai moitos usuarios que non achegan a comunicación da Xunta ou da Deputación aos servizos municipais. Non obstante, aínda que pódese equivocarse, volverano consultar e terá a resposta preparada para a Comisión.

- Respecto da rampla que estaba en estudo se é competencia da Consellería de Educación ou do Concello di que a posición do partido Socialista é moi clara, así o trámite debe ser o máis áxil posible para determinar a competencia, xa que hai un rapaz que precisa desa rampla. O tempo para facer a rampla era no verán e estase no mes de maio.

Contéstalle a concelleira de Benestar e Igualdade, María Carmen Martínez Rodríguez, que deuse conta disto na última Comisión de Persoal e díxose que se ía facer a obra no verán.

O concelleiro do grupo municipal Socialista, Joaquín Julián Ayala Garrido, pregunta de quen é a competencia?.

A concelleira de Benestar e Igualdade, María Carmen Martínez Rodríguez, contéstalle que non o sabe agora pero lle contestará na Comisión.

- En relación co programa de Xantar na Casa, ata hai pouco usábase dúas ou tres persoas segundo lle contestou a concelleira de Benestar Social a unha pregunta súa nunha Comisión, pero a dotación orzamentaria é para vinte prazas. Evidentemente se non se fai publicidade entre a poboación de que existe este programa, o orzamento vai quedar libre para facer outros programas. Por iso emprázalle a facer unha publicidade no Concello para que todos os veciños saiban que existe este programa, que o Consorcio Galego de Igualdade e Benestar levan, ás persoas que o necesitan, o xantar de toda unha semana á súa casa etiquetado co xantar do medio día e da cena. Supón que canta máis xente o saiba, máis xente o poderá solicitar para que non pase o que pasou agora, que acaba de saber que houbo dúas persoas que solicitaron a baixa, unha delas dun veciño que finou hai cinco meses e aínda se notifica agora que causa a baixa no programa.

Contéstalle a concelleira de Benestar e Igualdade, María Carmen Martínez Rodríguez, que o que se fai en Servizos Sociais cos usuarios que acceden ao servizo é, en función das súas situacións, ofrecerlle todas as opcións que ten para el ou a súa familia, para logo poder decidir. En calquera caso, volverá incidir no tema.

O concelleiro do grupo municipal Socialista, Joaquín Julián Ayala Garrido, intervén dicindo que a intención de facer unha publicidade deste tipo de programas para que se beneficie o máximo de persoas posibles é porque non só o poden solicitar as persoas que están atendidas en Servizos Sociais, xa que o que non é usuario de Servizos Sociais, pregunta, non ten dereito a este programa?, e responde que non, porque non teñen acceso a esta información.

Contéstalle a concelleira de Benestar e Igualdade, María Carmen Martínez Rodríguez, que toma nota do rogo.

- Pregúntalle á concelleira de Benestar Social se a fundación Indaga tivo algunha entrevista con ela para incrementar o seu traballo en Fene?. Pregúntao porque antes do seu cese do goberno, no mes de agosto, el xa tiña relacións con esta fundación, que traballa con rapaces que teñen trastornos por déficit de atención e hiperactividade. Di que xa tiña avanzado un local non municipal que se ía emprestar e unha partida orzamentaria para facer fronte a unha intervención semanal para este tipo de rapaces. Por iso, unha función así, presidida polo doutor Carracedo, unha eminencia en xenética a nivel internacional, que faga a petición para que Fene lle facilite un local, pensa que se lle debería prestar, porque iso dá sona ao Concello, ademais de atender a todos os rapaces en idade educativa que así o precisen, evitándolle ás familias non ter que custear estes tratamentos tan caros.

Contéstalle a concelleira de Benestar e Igualdade, María Carmen Martínez Rodríguez, que si tivo unha xuntanza hai dúas ou tres semanas para tratar o tema do local e quedaron en miralo, porque parécelle interesante darlles facilidades para a súa labor. Está a mirar o xeito de acadar un local para poderllo facilitar.

A continuación intervén o concelleiro do grupo municipal Socialista, Joaquín Julián Ayala Garrido, que di que como consecuencia das reunións que tivo el coa presidenta, Ferrer, no ano 2016, antes do seu cese, houbo unhas xornadas no mes de febreiro, con publicidade para todos os centros educativos de Fene no centro concertado de Jorge Juan de Perlió. Nestas xornadas asistiron moitas persoas e, logo do seu cese, informoulle ao alcalde dos proxectos e conversacións que mantivo a concellería de Benestar e Igualdade, sendo esta unha delas. Ao final, a fundación foise a Ferrol e agora queren volver, porque é unha iniciativa dos centros educativos que demandan este tipo de atención. Trátase dunha fundación recoñecida a nivel da Consellería de Sanidade e ten tras de si a unha eminencia a nivel internacional en xenética, o doutor Carracedo. Se eles poñen tanto interese habería que abrílles todas as portas para que viñeran.

Contéstalle a concelleira de Benestar e Igualdade, María Carmen Martínez Rodríguez, que está de acordo e reitera que están estudando a posibilidade de ofrecerlles un local axeitado ás súas necesidades.

O concelleiro do grupo municipal Somos Fene, César Daniel Castro García, fai os seguintes rogos e preguntas:

- Por que non se fixo o recital das letras galegas ou algo semellante ao que se fixo o ano pasado?. Pensa que o acto do ano pasado foi un éxito de organización e gustoulle moito á xente. É un xeito de que institucionalmente o Concello fixera un acto central co significado da letras galegas. Pensa que foi unha perda de oportunidades.

Contéstalle o concelleiro de Cultura, Justo Martínez Ardá, que o recital non se fixo porque estimaron que o custe era moi elevado e o goberno preferiu usar eses cartos noutras cuestións ao longo do ano, aínda que máis defensor das letras galegas que o BNG non o hai.

A continuación o concelleiro do grupo municipal Somos Fene, César Daniel Castro García, pregunta, canto custou o recital do ano pasado?. Non obstante, supón que o custe sería relacionado coa actuación musical e di hai xeitos de que haxa unha actuación axeitada.

- Se pode concretar un pouco máis o acto da Fashion night?. Na Comisión de Promoción Económica díxose que ao mellor non habería desfiles pero quere saber se se avanzou niso.

Contéstalle o alcalde que o luns haberá unha reunión para pechar todas as actividades que se van facer con todos os comerciantes que van participar e ver como se van desenvolver. A partir dese día xa se saberán os horarios e lugares.

- No Polígono houbo unha comisión que mantivo reunións cos dous últimos gobernos para intentar formalizar o Ente de Conservación do Polígono. Hai dous meses votouse atrás a súa formalización nunha asemblea para concretar a organización do ente e, dende os Concellos de Fene e Cabanas, transmitíuselles que había defectos formais para a súa constitución, polo que se lles dixo que se ían reunir os técnicos de ámbolos dous Concellos para seguir adiante co procedemento. Dende o último Pleno fíxose algunha xuntanza ou vaise facer en breve?. Destaca a importancia e a urxencia deste asunto.

Contéstalle o alcalde que aínda non se reuniron os técnicos, sabe que houbo varias conversas telefónicas e cando xa teñan algo avanzado, será cando se lle achegue á asociación e aos representantes políticos para convocar unha nova reunión.

- Vai concretarse dende o Concello algún tipo de medida para orientar mellor aos peregrinos que van polo camiño inglés?. Por outro lado roga que se proceda á limpeza e roce dalgúns tramos onde hai xa moita herba cara ás datas máis relevantes do camiño.

Contéstalle o alcalde que, segundo se dixo antes, comezará un traballador de reforzo do tractor e farase estes días. Respecto do muro do Camiño Inglés xa comentou noutras ocasións que o camiño

non vai por alí, incluso hai días saíu unha foto no xornal e explica que, do muro cara a dereita, é Fene e onde están os ciclistas, é Cabanas, é dicir, tal e como vai o camiño, esa zona é de Cabanas, así Fene fai o que pode facer no seu territorio. Non obstante, disto está informado tanto Patrimonio, da Xunta de Galicia, como a Deputación e, polo que sabe, a Xunta díxolle verbalmente que nesa zona ten previsto facer unha actuación, que se trata de obras temporais, e que a Xunta de Galicia non lle puxo máis interese que facer un desvío provisional. Supón que cando se fagan os novos tramos actuarán alí directamente. Reitera que Fene non pode actuar no camiño porque non é competente e por outro lado, a zona onde está cortado pertence a Cabanas.

Ao non haber máis asuntos que tratar, a presidencia declara rematado o acto cando son as 19.25 h, de todo o que, como secretaria, dou fe.

O alcalde

A secretaria

Juventino José Trigo Rey

Estefanía Manteiga Lamas